

Traballo do 11 ao 15 de maio.

(17 DE MAIO --LETRAS GALEGAS 2020)

1. Linguas

...Con motivo das Letras Galegas , visitar na web no departamento de dinamización lingüística –Día das Letras Galegas 2020 –onde tedes actividades para 1º sobre o autor homenaxeado , Ricardo Carvalho Calero e as bases para a participación no certame literario deste curso.

...Ficha dun conto ilustrado . Ir lendo este pequeno conto e facendo os debuxos.

...Para lingua, mando unha ficha para que os nenos/as formen un poema con rima. Xa traballamos algún poema na clase (escribimos poemas facendo ditados de versos e copiaron e ilustraron outros)

2. Matemáticas

...Escribir os números dende o número 0 ata o 99 para facer algunha actividade de repaso sobre eles e así traballando anterior/posterior, unidades e decenas.

Mando unha ficha cunha táboa que poden utilizar para completar .

Repasar o cálculo (sen levadas):

... pensando números de dúas cifras e colocándoos para realizar cinco sumas de dous e de tres sumandos.

...pensando números e realizar cinco restas.

3. Fichas de plástica. Nesta ocasión repasamos os animais.

Xa falamos na clase dos cinco grupos de animais vertebrados (mamíferos, peixes, anfibios, aves e réptiles) e fixemos a descrición dun peixe.

Colorear e facer unha pequena descrición da vaca e da galiña. Podedes seguir este modelo:

Tipo de animal : mamífero, ave, peixe...

Como vive: salvaxe ou doméstico.

Tamaño e cor: grande, pequeno ,branco...

Alimentación: carne (carnívoro)plantas(herbívoro),todo(omnívoro)

Tipo de pel: plumas, pelo, escamas...

Ten : patas, ás, cornos, aletas... desprázase andando ,voando...

Onde vive: na terra, na auga, na selva,nas granxas,no deserto..

4. Continuar visitando a web do centro en recursos complementarios onde aparecen novas fichas interactivas.

Boa semana!

Inma